



meniños
PLAN ESTRATÉGICO

Fundación Meniños é unha organización que traballa polos dereitos da infancia e a adolescencia en situación de dificultade social, contribuindo a xerar un ambiente familiar de seguridade e afecto.

misión

VISIÓN

Fundación Meniños ofrece servizos de intervención familiar de calidade contrastada para nenos, nenas e adolescentes en situación de dificultade social e promove o seu dereito a medrar nunha contorna familiar que asegure o seu benestar e desenvolvemento integral actuando, investigando, difundindo coñecemento, innovando sobre a súa atención e favorecendo a participación de outras persoas e entidades na promoción dunha cultura de bo trato á infancia e á adolescencia.

Fundación Meniños é unha entidade de acción social sen ánimo de lucro especializada no ámbito da infancia e a adolescencia cun traballo orientado a garantir o dereito a vivir en familia.

A nosa organización desenvolve este labor directamente a través de **programas especializados de intervención familiar de carácter psico-socio-educativo e terapéutico**, e indirectamente a través da **investigación e a innovación** na atención ás necesidades emerxentes en infancia e adolescencia en dificultade social e a **difusión de coñecemento** aproveitando ao máximo as sinerxías entre os diferentes axentes dos sistemas de protección, de educación e de saúde, arredor da persoa.

A evolución social sitúa nestes momentos **á infancia e á adolescencia coma o colectivo en maior situación de vulnerabilidade** (desprotección, pobreza, exclusión social ...) e acentúa a necesidade e o valor do traballo rigoroso e eficiente da Fundación na consecución dunha transformación social que garanta a defensa dos dereitos e a calidade de vida da infancia e a adolescencia e das súas familias.

Nesta nova época apostamos firmemente **pola cooperación e a colaboración** no interese dunha maior eficiencia e capacidade de solución, **para superar os límites dunha acción social fragmentada e dispersa, a través dunha** rigorosa e comprometida **política de alianzas** con entidades afíns no exercicio da nosa misión, propiciando a máxima transferencia entre organizacións; e a maior cooperación e complementación cos axentes públicos no desenvolvemento e exercicio de políticas dirixidas á defensa dos dereitos e á protección da infancia e a adolescencia.

Consideramos ademais crucial dotar ás nosas actuacións dun grao crecente de **incidencia social** para promover unha cultura do bo trato á infancia e á adolescencia.

Compromiso cos Dereitos da Infancia

O compromiso coa defensa dos dereitos, no marco da Convención de Dereitos do Neno, co obxectivo de incidir socialmente en procurar melloras perdurables para a infancia e a adolescencia.

O superior interese do menor

O superior interese da infancia e a adolescencia e das súas necesidades, potenciando o seu protagonismo e participación como suxeito activo de dereitos.

A familia como referente estable

A familia como referencia estable e plural de seguridade e afecto, priorizando o apoio á integración nas familias de orixe e, cando isto non sexa posible, propiciando acollementos familiares ou adopcións.

Educación e capacidade de cambio

A educación e atención integral, baseada na confianza nas potencialidades familiares, e na capacidade de cambio e desenvolvemento.

Calidade e mellora continua

A especialización e a profesionalidade en todas as súas actuacións, orientadas á satisfacción das necesidades e expectativas das persoas e entidades coas cales a Fundación desenvolve o seu labor.

Innovación e creatividade

A innovación e creatividade, con atención permanente aos cambios sociais, ás necesidades emerxentes e á oferta de solucións de futuro sostibles.

Coidado ás persoas

Promoción da empatía, o respecto e o bo clima en todas as relacións da Fundación.

Transparencia e independencia

Traballamos cunha política de transparencia informativa e rendición de contas, garantindo que os nosos obxectivos e actividades se implementen de xeito responsable, eficiente, sostible e con independencia.

Compromiso social

Compromiso social, propiciando a corresponsabilidade social, o traballo en rede e a participación activa no coñecemento e defensa da infancia e a adolescencia na promoción dunha cultura do bo trato.

valores

liñas estratéxicas

No desenvolvemento da nosa misión é crucial marcar as liñas estratéxicas e denotar o seu carácter e relevancia, en función das prioridades que nos marcamos, acordes coa situación actual da infancia e a sociedade en xeral, e co papel que a nosa Fundación pode xogar respecto dela.

Así, como xa contemplabamos no plan anterior, vemos a necesidade de diferenciar entre liñas estratéxicas básicas e liñas estratéxicas instrumentais.

BÁSICAS

Engloban:

- A nosa actividade principal: a **atención familiar**
- O procedemento que queremos privilexiar nos próximos anos para a súa implementación: o **establecemento de alianzas**
- E o compoñente esencial de **incidencia social** co que debemos dotar a todas as nosas actuacións

INSTRUMENTAIS

Engloban o resto de elementos transversais que proporcionan vehículo e soporte á actividade principal:

- **Coñecemento, Investigación e Innovación**
- **Comunicación**
- **Equipo Humano**
- **Recursos e ferramentas organizativas**

estrat^éxicas
líñas
BÁSICAS

atención familiar

Diseñar e implementar proxectos de intervención familiar para a atención integral a nenos, nenas e adolescentes en situación de dificultade social e as súas familias, desde unha perspectiva ecosistémica que entende á persoa dentro do seu sistema familiar, e a este, dentro do contexto social que o rodea.

Debemos facer unha mención especial á medida de acollemento familiar actualmente en auxe, tal e como se constata nas políticas sociais relativas a este tema. A Fundación debe traballar especialmente neste aspecto co fin de dar resposta ás necesidades emerxentes que se están producindo durante os últimos anos, derivadas dos notables cambios sociais.

Obxectivos:

1 Continuar co desenvolvemento dos proxectos consolidados de intervención familiar en situacións de risco de desprotección e desprotección efectiva en Galicia, Asturias e Madrid, en concreto:

- Acollementos especiais e temporais en familia allea
- Preservación Familiar
- Reunificación Familiar
- Atención Familiar para adolescentes e familias en situación de conflito

2 Consolidación dos novos proxectos iniciados dirixidos a necesidades emerxentes en infancia e adolescencia en dificultade social:

- Puntos de Encontro Familiar
- Atención a nenos e nenas vítimas de violencia de xénero

3 Diseño e desenvolvemento de novos proxectos:

- Proxecto piloto innovador de atención integral a adolescentes con absentismo escolar e condutas disruptivas



establecimiento de alianzas

Desenvolver unha política de alianzas con organizacións afíns, explotando ao máximo a complementariedade e favorecendo o maior aproveitamento do noso potencial no interese dunha maior eficiencia na atención ás necesidades da infancia e a adolescencia e as súas familias. Esta colaboración establecerase nun marco de respecto á singularidade do traballo de cada unha e o seu ámbito territorial.

Obxectivos:

1

Con Grupo 5:

- Explorar novas posibilidades de desenvolvemento de Puntos de Encontro Familiar na nosa Comunidade e en novos territorios.
- Desenvolver un novo programa de acollemento familiar en familia allea en Madrid.
- Desenvolver o proxecto de atención a adolescentes e familias en conflito en Madrid.

2

Con Igaxes3:

- Diseñar e desenvolver un programa piloto de intervención integral con adolescentes con absentismo escolar e condutas disruptivas.
- Explorar posibilidades de integración entre os proxectos de intervención familiar e de autonomía e integración laboral de ambas organizacións.

3


Con organizacións sociais de Azores e Portugal:

- Apoiar tecnicamente a implementación e seguimento de proxectos de intervención familiar para nenos, nenas e adolescentes en situación de dificultade social e as súas familias (Preservación e Reunificación Familiar, Acollementos, Proxecto "Conecta", Puntos de Encontro...).
- Consolidar a colaboración co Centro de Terapia Familiar e Intervención Sistémica de Azores como axentes de consulta e apoio técnico.

4

Coa Unidade de Investigación en Intervención e Coidado Familiar da Universidade da Coruña:

- Crear un marco de relación estable para actuacións continuas de formación, innovación e xeración de coñecemento.



- Establecer un procedemento de avaliación das prácticas implementadas actualmente nos nosos programas que poda ser de interese á Universidade e que permita aportar valor e rigor científico a todas as nosas actuacións.
- Vincular á Fundación como co-organizadora de ciclos formativos da Unidade de Investigación en Intervención e Coidado Familiar da Universidade da Coruña para a creación de “canteira” do futuro equipo humano da Fundación e a reciclaxe do actual.

5

Con todos os anteriores:

- Crear unha comisión de traballo para a exploración de proxectos de atención á infancia e adolescencia en novos territorios nacionais e internacionais, que podan ter que ver tanto coa implementación no terreo, como coa formación e a monitorización de actuacións e coa xeración de coñecemento, o e-learning e a educación a distancia.
- Crear unha Unidade de Interacción Europea para a exploración de novos proxectos no noso ámbito de interese, que encaixen co novo marco de actuacións e financiamento europeo.

incidencia social



Influír nas políticas públicas dirixidas á defensa e promoción dos dereitos da infancia e a adolescencia en situación de dificultade social e favorecer a implicación da sociedade civil.

Obxectivos:

- 1** Incrementar o traballo en rede con organizacións públicas e privadas afíns á Fundación que permitan o mellor e maior impacto da nosa labor e o desenvolvemento de actuacións dirixidas a previr o maltrato infantil.
- 2** Reforzar a lexitimación social da Fundación por medio do aumento da base social e dos seus colaboradores institucionais.
- 3** Potenciar a dimensión de sensibilización e promoción dos dereitos da infancia e a adolescencia dos contidos da comunicación externa.
- 4** Aproveitar as publicacións de carácter técnico na súa vertente de difusión e sensibilización.



líneas
estratégicas
INSTRUMENTAIS

coñecemento, investigación e innovación



Xerar coñecemento, avaliar programas e incorporar melloras que permitan reforzar a nosa misión, completala e consolidala, coa guía e o control científico de expertos universitarios.

Obxectivos:

- 1** Avaliar os resultados dos proxectos de atención familiar que levamos a cabo, co propósito de agregar valor e rigor científico aos mesmos.
- 2** Incorporar novas prácticas de intervención innovadoras nos nosos proxectos.
- 3** Vincular todos os proxectos coa investigación, a xeración e a transferencia de coñecemento.
- 4** Diseñar novos proxectos de intervención familiar para necesidades emerxentes.

comunicación

Desenvolver unha estratexia de comunicación que contribúa á xeración de marca.

Obxectivos:

- 1** Diseñar unha estratexia de comunicación dirixida a dotar de presenza e potencia ás alianzas estratéxicas establecidas con organizacións afíns.
- 2** Manter unha comunicación interna fluída e eficiente que fortaleza a vinculación coa organización.
- 3** Adaptar os contidos técnicos para a súa utilización divulgativa na promoción do bo trato e a defensa dos dereitos da infancia e a adolescencia.
- 4** Continuar coa introdución de todas as ferramentas tecnolóxicas de comunicación que contribúan a unha maior implicación e participación de todos os grupos de interese.





equipo humano

Incorporar e promover o talento e o compromiso coa misión da Fundación.

Obxectivos:

- 1** Desenvolver un sistema de avaliación por competencias para a selección, a formación, e a xestión do talento na Fundación e o recoñecemento ás persoas.
- 2** Promover o desenvolvemento profesional centrado na mellora das competencias e a asunción de responsabilidades conforme ás necesidades da Fundación.
- 3** Manter un marco laboral acorde á misión, á visión, aos valores e aos obxectivos da Fundación e ao ambiente no que desenvolve a súa actividade.
- 4** Fomentar unha cultura organizativa proclive á colaboración e ao aliñamento cos obxectivos da organización.
- 5** Manter un plan de voluntariado permanentemente actualizado coherente coas necesidades actuais.

recursos e ferramentas organizativas


Prover os recursos e as ferramentas organizativas necesarias para unha xestión óptima de todos os procesos e actuacións da Fundación.

Obxectivos:


- 1** Aproveitar as sinerxías coas organizacións aliadas para lograr a maior eficiencia na xestión.
- 2** Incrementar fondos propios utilizando mecanismos alternativos de financiamento (economías de escala, prestación directa de servizos a persoas...).
- 3** Idear novas formas de xestión económica das nosas actividades para un mellor e maior aproveitamento dos recursos.
- 4** Utilizar ferramentas de certificación e control de calidade en todos os proxectos da Fundación nun proceso de mellora continua.
- 5** Actualizar as ferramentas tecnolóxicas.



estratégicos




intervención familiar



de apoio







Sede Central en A Coruña

Avda. de Cádiz 5, 2º

Edif. A Milagrosa | 15008

Tel: 981 269 955 | Fax: 981 256 003

E-mail: meninos@meninos.org